

# Resposta sindical colectiva á problemática das pagas extra

Comisións Obreiras (CCOO), CIG, CSI-F e UGT defenderán a todos os empregados e empregadas públicas no tocante á supresión das pagas extra. Os sindicatos sinalan que o farán mediante a presentación de demandas colectivas, polo que lles piden aos traballadores e traballadoras que en ningún caso presenten reclamacións individuais, pois alén de implicaren un custo «elevado» por mor da lei de taxas, poden prexudicar outras accións.

No caso do persoal laboral, como estas organizacións contan con «lexitimación para actuaren en nome dos representados», promoverán a presentación de conflitos colectivos que permitan atinxir a todos os traballadores e traba-



CCOO adoptará cantas medidas sexan necesarias para que o persoal recupere as pagas extra

lladoras afectadas. Aproveitando tamén que xa se conta cunha sentenza de conflito colectivo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que reconece o período devindicado da

paga extra, en Galicia presentaranse diante do alto tribunal galego conflitos colectivos que atinxen os traballadores e traballadoras do ámbito do convenio colectivo único do per-

**Por mor da Lei de taxas, os sindicatos piden reclamar colectivamente e non de xeito individual**

soal laboral da Xunta de Galicia, o persoal laboral (PAS) das tres universidades e no ámbito do colectivo de persoal docente e investigador (PDI) das tres universidades.

Xa no caso do persoal funcionario e estatutario, debido á maior complexidade xurídica, interporanse tres demandas nos ámbitos do persoal funcionario da Xunta de Galicia, do persoal estatutario do Sergas e do persoal docente do ensino.

## CCOO denuncia o EDC na Deputación de Ourense

Comisións Obreiras (CCOO) defendeu que non concorren as causas económicas que fundamentan o despedimento colectivo pretendido pola Deputación de Ourense, polo que acudirá á vía xudicial para frear a regulación de emprego.

O secretario xeral da Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO de Galicia (FSC-CCOO), Ramiro Otero, sinala que non se cumpren as condicións para expor un expediente de despedimento colectivo co 10% do persoal, xa que «todo o que baixe de trinta é incumprir». Na fin das negociacións eran 29 e poderían ser menos de prosperaren as denuncias de cesión ilegal de traballadores e traballadoras.

O responsable da FSC-CCOO de Galicia critica a actitude do presidente da Deputación, José Manuel Baltar, que en ningún momento procurou opcións para atallar o «suposto déficit» nas contas do organismo provincial sen ter que recorrer a despedimentos.

Otero critica que se estea a «contratar amigos» por un custo de case 120.000€ —incluídas as cotizacións á seguridade social— ao tempo que se anuncia que 32 persoas irán á rúa.

Por todas as razóns expostas, o voceiro de CCOO considera que o expediente é «nulo de pleno dereito», e agarda que a xustiza comparta, «unha vez máis», as teses defendidas polo sindicato.

## Despedimentos masivos na Xunta de Galicia

CCOO denuncia o despedimento masivo de traballadoras e traballadores públicos, así como o «desmantelamento da Administración autonómica».

O sindicato lembra que non hai tanto tempo Feijóo proclamaba que ningún interino tería que ir á rúa, e aseguraba que se cubrirían todas as prazas vacantes.

### Despedimentos masivos

Todo o contrario, a Xunta xa deu os primeiros pasos para levar a cabo despedimentos masivos. E, canto ás vacantes, a relación de prazas que se van ofertar no próximo concurso de traslados recolle a amortización de case cincocentas. Isto

afectará o persoal interino, que, contrariamente ao prometido, será de novo o colectivo máis castigado. Ademais, a redución de persoal na Administración autonómica implicará unha peor prestación dos servizos públicos. CCOO advirte que, dentro dese grupo de prazas que van a amortizar hai persoal afectado con sentenzas gañadas nas que a xustiza lles reconece aos afectados a condición de persoal indefinido desde o ano 2002, o que supón que o seu traballo obedece a funcións estruturais propias da administración, polo que prescindir de todos eses postos implica desmantelar a prestación de servizos.